

Expediente IET: P-20-106
Proxecto: Parque eólico Vacaloura
Concellos: Monterroso e Portomarín (Lugo)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 25/03/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de Parque eólico Vacaloura.

1. Antecedentes:

Con data do 30/03/2020 o IET emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EslA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe, principalmente as posicións V-2, V-3 e V-4 situadas sobre a AEIP Montes de Vacaloura, e indicábanse distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Vacaloura, de 31,185 MW, composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, zonas de provisión, torre meteorolóxica e gabias para a rede eléctrica). Os aeroxeradores terán 5 MW de potencia, cunha altura da buxa entre 90 e 127,5 metros e cun diámetro de rotor entre 132 e 145



metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 4.743 m dun total de 9.354 m. Respecto do proxecto presentado para a consulta de contido, cabe destacar que se reduciu nesta nova proposta o número de aeroxeradores, así como se desprazaron os situados dentro da AEIP Montes da Vacaloura sobre afloramentos rochosos; se ben, segue habendo máquinas no interior da mencionada AEIP e moi próximas aos característicos afloramentos rochosos da mesma.

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas de Lugo consiste nun estudo de impacto ambiental (novembro 2020) que inclúe un EIIP como documento específico (Anexo 6) no que se fai unha descrición das características principais do proxecto e das alternativas, unha diagnose do estado actual da paisaxe e a análise da visibilidade, valorando por último os impactos paisaxísticos producidos polo proxecto, carece pola contra de medidas de integración paisaxísticas e da xustificación do cumprimento das Directrices da paisaxe de Galicia.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o lugar no que se proxecta a actuación localízase nas grandes áreas paisaxísticas de Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas, nas comarcas paisaxísticas A Ulloa e Terra de Chantada. Respecto das áreas de interese paisaxístico recollidas no Catálogo, obsérvase que dous aeroxeradores dispóñense dentro da AEIP-07-22 Montes da Vacaloura. A uns 7 km ao oeste atópase a AEIP-07-21 Alto Ulla, e a uns 9,6 km en dirección leste a AEIP-05-01 Río Miño. O miradoiro máis próximo ao parque é o de Alto de San Cristovo situado a uns 3,6 km ao sur da máquina VC-03. Máis lonxe aparecen os miradoiros de San Simón, a uns 7 km ao norte do aeroxerador VC-04, e o de Cabo de Vila a uns 9 km ao leste do VC-07. Respecto a elementos do patrimonio cultural, o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Francés) discorre a 2,3 km ao nordés do grupo de aeroxeradores máis orientais. Así mesmo cabe sinalar a presenza de distintos elementos do patrimonio arqueolóxico na contorna próxima ás infraestruturas do parque.

Os aeroxeradores do proxecto distribúense en dúas elevacións montañosas nos concellos de Monterroso e Portomarín. No primeiro as máquinas localízanse na Serra de Pol, nos cumios dos Montes da Vacaloura e nos Montes de San Miguel. Trátase dunha aliñación de cumios en dirección norte – sur, marcadas pola presenza de afloramentos rochosos de cuarcitas que destacan no horizonte conformadas en bandas paralelas moi continuas no territorio. As zonas de matogueira alternanse nesta serra cun parcelario de prados, cultivos forraxeiros e repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos. Nos vales divididos pola serra aparecen numerosos núcleos de poboación, ben ligados á estrada N-640 que atravesa a zona, ou dispersos pola contorna conectados por unha densa rede de pistas. Aquí a paisaxe confórmase por un mosaico de parcelas de prados delimitados por sebes vexetais e muros tradicionais de pedra, con pequenos bosquetes de especies autóctonas e hortas de cultivos vinculadas ás vivendas. No concello de Portomarín, os aeroxeradores do parque localízanse nos montes do Espiño, configurados por distintas elevacións nas que se van dispoñendo as máquinas. Neste lugar aparecen tamén afloramentos de cuarcitas, aínda que de menor entidade e a vexetación predominante componse de masas arbóreas de especies forestais de repoboación. Nas zonas de val repítese o patrón da paisaxe agraria con amplas parcelas dedicadas a cultivos forraxeiros e presenza de vexetación autóctona principalmente asociada ás lindes das parcelas e aos cursos de auga que atravesan a contorna. Este grupo de aeroxeradores sitúase entre as estrada N-540 situada ao leste do parque, e N-640, ao oeste. En relación cos núcleos de poboación aparecen varios deles a menos de 2 km como son a Vacaloura, Pol, San Miguel, Trascastro, Reboredo, Batifoles, Narón, a Fonte Grande e a Covadela entre outros; o principal núcleo de poboación é Monterroso a uns 4 km ao oeste.



5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe analizando os seus valores e determinando o grao de fragilidade e calidade paisaxística do ámbito. Leva a cabo un estudo da visibilidade nun radio de 15 km tomando de referencia a altura da buxa. Resume as características principais do proxecto e das alternativas e fai unha estimación dos impactos visuais previstos das mesmas. Pola contra o EIIP carece de medidas de integración paisaxística e da xustificación das Directrices de paisaxe de Galicia, así como dun axeitado análise da visibilidade e dos impactos producidos polas infraestruturas.

Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no EIIP, a infraestrutura será visible dende o 39,96 % da superficie da envolvente de 15 km, se ben este cálculo lévase a cabo tomando como referencia a altura da buxa no canto da altura total ata a punta da pa, polo que se agarda unha maior visibilidade. Os aeroxeradores serán visibles dende as AEIP (principalmente a AEIP Montes da Vacaloura) e miradoiros da contorna, así como dende o Camiño Francés. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades, o que provocará que no 84,46 % da superficie da envolvente de 15 km sexa visible algún aeroxerador.

Prodúcense outros importantes impactos, como os que afectan aos afloramentos rochosos (especialmente o camiño de servizo entre as posicións VC-04 e VC-05 así como este último aeroxerador), debido á realización de novos camiños e plataformas de montaxe.

En canto ás medidas preventivas e correctoras do EIIP, non se poden valorar xa que carece das mesmas.

6. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este deberá completarse, de acordo co disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, co indicado a continuación:

- Deberá completarse a diagnose do estado actual da paisaxe cunha análise pormenorizada dos elementos aos que se refire o artigo 28.2 do RLPPG, e en particular neste caso as AEIP, os miradoiros e o Camiño Francés, todo elo en relación co ámbito do proxecto no canto dunha análise xenérica das comarcas paisaxísticas próximas.
- Para os efectos do artigo 29 do RLPPG, deberase completar o estudo de visibilidade para determinar o impacto producido sobre as AEIP, miradoiros, núcleos rurais máis próximos a menos de 2 km dalgunha máquina, sendeiros, Camiño de Santiago e núcleos de poboación principais (en tódolos casos de forma individualizada). Para tal fin, as cuncas visuais de cada aeroxerador calcularanse para un radio de 20 km e desde o punto máis desfavorable (altura máxima a punta de pa), e deberán incluírse montaxes fotográficas ou imaxes virtuais que simulen a incidencia dos aeroxeradores nas vistas desde os lugares citados anteriormente (artigo 31.1.d do RLPPG).



- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do RLPPG, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción das mesmas.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o período en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar a AEIP Montes da Vacaloura sobre a que se sitúan algunhas máquinas, o miradoiro Alto de San Cristovo así como o Camiño Francés e os núcleos máis próximos. Esta incidencia visual pode supor un importante impacto paisaxístico, o cal deberá ser concretado unha vez se complete o EIIP. En calquera caso, este impacto visual non poderá ser mitigado con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, para os cales, de existir unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

Para minimizar os impactos sobre a AEIP Montes da Vacaloura, desprazaranse ao exterior da mesma as posicións VC-02 e VC-03, xustificando no seu caso a imposibilidade técnica desta modificación.

Deberase estudar a localización da posición VC-05, así como os camiños de acceso entre as posicións VC-04 e VC-05, a fin de evitar a incidencia sobre os afloramentos rochosos (DX.17.a.4), revisando de ser o caso a localización dos mesmos. Ademais, aproveitaranse ao máximo os camiños xa existentes, co fin de minimizar a alteración da topografía e os movementos de terra tal e como se recolle na Directriz de paisaxe DX.20.f., para elo, deberase modificar o trazado do camiño de acceso antes mencionado ou xustificar no seu caso a inviabilidade técnica desta modificación.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

